

# Campo de traballo medioambiental Monte da Espenuca

Galicia, España

## Voluntariado internacional

¿Queres convivir durante 12 días con persoas procedentes de todo o mundo axudando a recuperar as nosas fragas?

¿Queres colaborar cun proxecto de conservación da natureza coa garantía de que o teu esforzo terá continuidade no tempo?

¿E coñecer unha comarca rica en patrimonio cultural, agraciada con fermosos ríos e con praias recollidas, gozando da rica gastronomía galega?



## O noso proxecto

Este campo de traballo forma parte do proxecto de conservación da natureza que desenvolvemos en Fragas do Mandeo dende o ano 2010.

Mediante compras ou acordos de cesión a longo prazo xestionamos parcelas de monte de valor ambiental. Así conservámo-lo bosque autóctono e avanzamos na súa restauración ecolóxica alí onde ten desaparecido.

Durante o campo de traballo eliminaremos eucaliptos, erradicaremos vexetación exótica e prepararemos as parcelas para a súa reforestación con árbores autóctonas chegado o inverno.



## Un rico entorno

O monte da Espenuca está enclavado na comarca coruñesa de As Mariñas. Ós seus pés discorre o río Mandeo, nun entorno que forma parte do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo.

Un dos seus valores ecolóxicos máis importantes son os seus bosques de ribeira e as súas carballeiras, poboadas por musgos e fentos, onde se refuxian numerosas especies ameazadas.

No seu picoto sitúase unha antiga capela asentada no que anteriormente foi unha necrópole prerromana.

## Gozando do patrimonio

Aproveitaremos o tempo de ocio para coñece-lo rico patrimonio natural e cultural da nosa comarca e contorna. Visitaremos o famoso Parque Natural das Fragas do Eume, a vila medieval de Betanzos que estará celebrando a súas festas patronais, o mosteiro de Sobrado dos Monxes e a súa lagoa, a catedral de Santiago de Compostela e a muralla romana da cidade de Lugo.

## Ocupámonos de todo

Non te preocupes por nada. Nos aloxaremos no albergue do Centro de Interpretación de Teixeira e gozaremos da comida caseira no restaurante Case-río de Tión.

En todo momento dispoñemos de transporte para ir á zona de actuación, así como para as excursións no tempo de ocio.

Á hora de traballar estaremos equipados coas ferramentas axeitadas e cos equipos de protección necesarios.

## O noso equipo

Para garantir unha perfecta organización, contamos coa experiencia de Ribeirán Proxectos Naturais, que xa ten colaborado con Fragas do Mandeo en ocasións anteriores e coñecen perfectamente o noso método de traballo.

O director do campo é Chus Díaz, para quen será o enésimo campo que dirixe. Acompañarano dous monitores, Fran García e Manu Allegue, cunha dilatada experiencia organizando voluntariado ambiental en distintas zonas de Galicia.

## Cando e ónde

O campo desenvolverase entre o 20 e o 31 de agosto de 2016, nas proximidades de Betanzos (A Coruña, Galicia, España).

Non te preocupes polo idioma: falamos galego-portugués, español e inglés.

Podes participar se a túa idade está entre os 18 e os 30 anos. Para apuntarte, telefona ó 981 544 838 en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Máis información en: <http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran.html>



## Os nosos voluntarios

As actuacións programadas no campo de traballo son a continuidade do que veñen facendo dende hai tempo os voluntarios de Fragas do Mandeo.

Así, nos últimos 12 meses, 167 voluntarios teñen plantado árbores autóctonas, poñéndolles titores e protectores, teñen secado os eucaliptos que competirían con elas e degradarían o hábitat, retirado a ramallada de cortas forestais para permitir a reforestación, erradicado especies exóticas invasoras e recollido lixo nos nosos ríos e praias.

O noso obxectivo é ter hábitats ben conservados e bosques maduros que acollan a fauna e a flora máis ameazadas na nosa bisbarra.

Por iso este campo de traballo non é algo puntual, se non a continuidade dun esforzo que se manterá no futuro. Os nosos voluntarios saben que nos preocupamos para que as árbores que plantan cheguen a ser centenarias.

¿Queres sumarte a eles?

## Os nosos doadores

Fragas do Mandeo é unha ONG dedicada á restauración dos hábitats naturais mediante custodia do territorio da comarca de As Mariñas (A Coruña, España).

Podemos adquirir parcelas de monte de interese ambiental grazas ás modestas achegas dos nosos doadores (inon temos detrás ningún gran mecenas!).

Tamén chegamos a acordos de cesión do uso e da xestión a longo prazo, o cal permítenos actuar en parcelas que non é posible adquirir.

Por iso a nosa estratexia resúmese na seguinte ecuación:

doadores + voluntarios = conservación de hábitats



## Ribeirán Proxectos Naturais

Como queremos coidar ó máximo a organización, contamos con este equipo de profesionais do campo educativo e medio ambiental, con ampla experiencia nos sectores público e privado. Máis información en: <http://www.ribeiran.com/>



## Chus Díaz

Pedagogo, especializado en programas xuvenís e de tempo libre, ten unha dilatada experiencia como director de campos de traballo medioambientais, etnográficos e arqueolóxicos. Fundador, profesor e director da Escola de Tempo Libre Querqus.



## Fran García

Oceanógrafo, dende o 2013 compatibiliza o seu traballo no mar coa divulgación e formación ambiental, e coa xestión e coordinación de actividades de voluntariado ambiental para entidades públicas e privadas.



## Manu Allegue

Biólogo mariño, dende o 2004 coordina actividades de voluntariado e campamentos de verán da Xunta de Galicia en lugares coma os parques das Illas Atlánticas e o das Fragas do Eume, os montes de Carnota, e a Reserva da Biosfera das Mariñas.



## O Centro Etnográfico de Teixeiro

Este moderno centro alberga nas súas instalacións todo o necesario para o noso aloxamento. Está situado na beira do río Mandeo, inclúe unha exposición interactiva, un aula que acolle cursos e talleres, e por último un laboratorio de hidrobioloxía.

Máis información en: <http://teixeiro.riomandeo.com/?lang=es>